



R desprega a súa nova tecnoloxía de fibra nos polígonos santiagueses de Costa Vella e Tambre, onde se poderá navegar a velocidades de ata 1 Xigabit

- *O cambio de tecnoloxía da rede de R en áreas industriais compostelás beneficia a case 800 empresas e emprendedores/as que poden navegar a velocidades ultrarrápidas, con maior seguridade e estabilidade*
- *Esta actuación enmárcase nos plans anuais do operador galego para mellorar a calidade, cobertura e potencia da súa rede, e ofrecer, así, aos seus clientes/as os servizos máis avanzados*
- *Con esta iniciativa, desenvolvida nos últimos meses de 2020, R dálles resposta ás crecentes necesidades de servizos de telecomunicacións amosadas polo empresariado galego*

Mércores, 17 de marzo de 2021.- Un total de 780 empresas e emprendedores/as dos polígonos industriais de Costa Vella e Tambre, na área de Santiago de Compostela, poden beneficiarse xa das melloras da rede de R, que vén de despregar unha nova tecnoloxía de fibra óptica que ofrece velocidades de ata **1 Xigabit simétrico**, con maior seguridade e con accesos á rede moito máis estables e homoxéneos.

R, coas áreas industriais de Galicia

A aposta de R para despregar esta nova tecnoloxía na súa rede de fibra aplica tamén noutras zonas industriais da comunidade e é un eixe de actuación que permite ofrecer unha mellora destacada do seu servizo nun total de 24 polígonos empresariais de Galicia, que aglutinan preto de **9.000 empresas e autónomos/as**, un **8%** desa cifra nestas áreas compostelás.

Estas actuacións enmárcanse nos plans anuais da compañía e no contexto dun intenso traballo global para optimizar e mellorar a calidade, cobertura e potencia da súa rede de fibra e ofrecerlles, deste xeito, os servizos máis avanzados ás empresas galegas.

Agora, con esta nova tecnoloxía para as áreas industriais galegas, **R** segue amosando o seu esforzo permanente por estar a carón das empresas da comunidade, obxectivo prioritario ao que se lle ten dado un gran pulo, aínda maior nos últimos meses, ante unha conxuntura tan extraordinaria como ten sido a da pandemia, que multiplicou de xeito excepcional o uso das telecomunicacións nos fogares e empresas de Galicia a todos os niveis.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal